

## BANDO INFORMATIVO AMPLIACIÓN DE HORARIO POLO PAMPALLÍN

**D. FRANCISCO CALO ABELLEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAGO SABER:**

Que con motivo da celebración da 25ª Edición do Pampallín, acordouse a ampliación de horarios de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

**PRIMEIRO. Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche dos establecementos públicos,** na Serra de Outes, durante a **noite do mércores 30 de abril de 2025.**

**SEGUNDO.** Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración das festas, serán **aqueles que contén con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

**A prolongación do horario** permitido de peche **debe respectar, en todo caso,** as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

**TERCEIRO.** Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas.**

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde, D. Francisco Calo Abelleira.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

